


I.E.S. Eduardo Pondal



Programación Didáctica

EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO 2022-23

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN. SITUACIÓN ACTUAL.	4
2. CONTEXTO NORMATIVO.	5
3. AVALIACIÓN INICIAL	7
4. CONTEXTUALIZACIÓN: CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	8
4.1. INSTALACIÓNS E OUTROS ESPAZOS.	8
4.2. MATERIAL E EQUIPAMENTOS.	10
4.3. ALUMNADO	11
4.4. PROFESORADO	12
5. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA Á CONSECUCIÓN DAS FINALIDADES E OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.	12
5.1. CONTRIBUCIÓN ÁS FINALIDADES DA ETAPA.	13
5.2. CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA.	14
6. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA A ESO.	16
6.1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA NA ESO.	16
6.2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.	17
6.3. PERFIL COMPETENCIAL DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA.	21
6.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	30
7. CONTRIBUCIÓN AO TRATAMENTO DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS.	43
8. PROPOSTA DE UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN.	52
9. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.	55
10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.	57
11. PROCESO DE AVALIACIÓN.	57
12. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.	58
13. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS.	62
14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE.	65
15. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	65
16. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	66
17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	67
18. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA. PLAN LECTOR. PROXECTO LINGÜÍSTICO.	68
19. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.	69
20. PLAN DE CONVIVENCIA.	69

21.INFORMACIÓN AO ALUMNADO.....	70
ANEXO I.....	71
Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	71
Avaliación da programación didáctica	72
Avaliación da metodoloxía	73
Avaliación dos criterios de cualificación.....	74

1. INTRODUCCIÓN. SITUACIÓN ACTUAL.

Dende a Lei Orgánica Xeneral do Sistema Educativo (LOGSE), do 3 de outubro de 1990, España aprobou, entre leis educativas e as súas modificacións, máis de oito normativas que modificaban a forma de elaborar as programacións (que afectan, en maior ou menor medida, a programación do proceso de ensino-aprendizaxe). Cada goberno aproba a súa lei, mesmo ás veces antes de que a anterior norma se chegara a implementar de todo

Como di ANA MARTÍN PLAZA no seu artigo do 13.09.2021 en [rtve.es/noticias](https://www.rtve.es/noticias/): “Detrás desta incapacidade para chegar a un Pacto pola Educación que dea estabilidade ao marco normativo está, segundo a opinión dos especialistas consultados, o uso que os partidos maioritarios -PP e PSOE- fan da educación para diferenciarse do contrario e tentar atraer cada un ao seu electorado; e unha forma de facer política que prima a confrontación por encima do diálogo e o consenso. O custo non só é social, engaden, senón tamén económico e chaman a alcanzar un pacto aínda que sexa de mínimos”.

Desde o Departamento de Educación Física facemos un rogo a toda a clases política: Consensúen unha lei de Educación, acorde coa UE e cos tempos actuais, que non se vexa modificada por cada cambio de partido no Goberno.

Este curso iníciase a implantación da nova lei LOMLOE nos cursos 1º ESO, 3º ESO e 1º Bacharelato das ensinanzas que se imparten no centro. As programacións adaptadas á nova lei serán elaboradas na plataforma habilitada a tal efecto pola administración educativa galega. Este documento presenta a programación para os cursos 2º e 4º de ESO.

Segundo a OMS “Poderíanse evitar ata 5 millóns de falecementos ao ano cun maior nivel de actividade física da poboación mundial”; “Máis do 80% dos adolescentes do mundo teñen un nivel insuficiente de actividade física”. En España, “o 36,4% de persoas de 15 e máis anos declarouse sedentaria no seu tempo libre” (Enquisa Nacional de Saúde, 2020). Dada a precariedade da situación actual, as diferentes institucións nacionais e internacionais elaboran medidas que contribúan a mellorar este escenario, a maioría das cales coinciden en identificar como un instrumento efectivo do cambio os centros educativos e en concreto a Educación Física. Por iso a súa inclusión no currículo educativo queda xustificada ao ser o medio máis efectivo e práctico para resolver unha situación crítica que afecta á maior parte da poboación.

O xeito de como conseguilo delegase en gran medida na intervención educativa dos docentes.

Con esta programación pretendemos poñer en valor a materia de EF pola súa relación coa prevención e adquisición de hábitos de vida saudables, polo que intentaremos traballar a promoción e coidado da saúde durante o tempo de clase, así como antes, durante e despois do horario escolar, xerando hábitos saudables e adherencia ao exercicio.

Máis alá da necesidade de aumentar os niveis de actividade física na poboación infantil e xuvenil, non debemos esquecer que a **EF de Calidade** é un dereito fundamental que reporta beneficios para as persoas, as familias, as comunidades e a sociedade en xeral; desempeña un papel importante no desenvolvemento dos coñecementos básicos sobre a actividade física, o benestar e as capacidades físicas; mellora a saúde mental e as capacidades psicolóxicas; acrecenta as capacidades sociais; contribúe á prevención e á rehabilitación dos que corren o

risco de caer en adiccións, delincuencia, explotación ou pobreza; pode reportar importantes beneficios nos planos da saúde, social e económico. En definitiva, a **EF é fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado**. Por iso, debemos garantir que se imparta de forma segura e responsable, para o persoal docente e o alumnado, asegurando así que adquiren as competencias clave e lles aporte as habilidades e oportunidades de promoción da saúde e benestar, tan importantes durante estes últimos tempos incertos e difíciles.

2. CONTEXTO NORMATIVO.

Para a elaboración da programación didáctica do departamento de Educación Física seguiremos a [Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023,](#)

Así mesmo, a presente programación didáctica do Departamento de Educación Física, basearase no seguinte marco legislativo:

- [Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. \(LOMLOE\)](#)
- O currículo na Comunidade Autónoma de Galicia para as etapas educativas que nos atangue está establecido no [Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria \(Decreto 324/1996, do 26 de xullo, DOG 09-08-96\), Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ROC, Orde do 28 de xuño de 2010 que a modifica parcialmente.](#)
- [ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)
- [Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.](#)

Tendo en conta o **calendario de aplicación** da Lei 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación, definido na súa disposición transitoria segunda, para o presente curso terase en conta os seguintes aspectos reflectidos na nova lei:

- **Disposición adicional cuadraxésimo sexta. Promoción da actividade física e a alimentación saudable.**

As administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a alimentación saudable formen parte do comportamento infantil e xuvenil. Co obxectivo de fomentar e consolidar hábitos de vida saudables, as ditas administracións promoverán a **práctica diaria de deporte e exercicio físico** por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida sa e autónoma, para promover hábitos saudables de alimentación e a mobilidade activa e reducir o sedentarismo. **Os centros impulsarán o desenvolvemento de actividades docentes en espazos abertos e contornos naturais.** O deseño, coordinación e supervisión das medidas que, para estes efectos, se adopten serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.

➤ **Disposición transitoria segunda bis. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Ate a implantación das modificacións introducidas nesta lei relativas ao currículo, á organización e aos obxectivos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, **os estándares de aprendizaxe avaliáveis**, a que se refire o artigo 6 bis, tras a redacción da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, **terán carácter orientativo.**

➤ **Avaliación, condicións de promoción e de titulación, tanto na ESO como no Bacharelato.**

Estas modificacións están recollidas na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, dende o artigo catorce ata o trinta e un.

Tendo en conta ademais que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de educación, inclúe entre os seus obxectivos, para adaptar o sistema educativo aos retos actuais, un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior individualización da aprendizaxe, ademais de establecer como un dos seus principios o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa, o Departamento de EF, o pasado curso académico, vén de participar no **Contrato Programa INNOVA** (CPIInnova), dentro da modalidade de EDUsaúde, para o fomento de hábitos de vida saudable, convocado pola [Resolución do 11 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan os Contratos-Programa Innova \(CPIInnova\) para fomentar a innovación educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.](#) Por outra banda, o departamento de EF tamén participou no **Plan Proxecta**, co programa Proxectos de Vida Activa e Deportiva, na posibilidade de Diseñar, executar e avaliar o PVAD de forma autónoma, con ferramentas propias, convocado pola [Resolución do 21 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula o Plan Porxecta+ e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade durante o curso 2021/22.](#) No presente curso

tratará de continuar as accións iniciadas e colaborar con outros departamentos en diferentes actuacións educativas para cumprir o enfoque transversal proposto

3. AVALIACIÓN INICIAL

Tal como establece a [Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023](#), a avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

O profesorado fixo do departamento de E.F. do IES Eduardo Pondal é o mesmo que o curso anterior polo que ten un bo coñecemento do alumnado, agás o de nova incorporación principalmente no 1º curso da ESO. A partir dos **informes individualizados** elaborados á finalización do curso 2021/2022 e da **avaliación inicial** levada a cabo durante as primeiras semanas de curso, obteremos información sobre o nivel de coñecementos, motivacións, actitudes, intereses, expectativas, dificultades, etc. do alumnado. Sen dúbida, permítenos reorganizar o programa formativo co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe, de xeito realista e operativo.

Por outra banda, a través da análise da Memoria de Departamento do curso 2021/2022 extraeremos aquelas **aprendizaxes non adquiridas** polo alumnado. Ditas aprendizaxes serán incorporadas na programación do novo curso escolar.

Para afondar no **coñecemento do alumnado e da súa situación emocional**, de cara á toma de decisións didácticas, e, principalmente no caso de alumnado novo no centro, o departamento estará en contacto estreito co Departamento de Orientación estudando informes e solicitando os datos que considere necesarios; ademais, ao comezo do curso escolar, entregarase unha ficha individual ao alumnado na que se pretenden recoller as referencias específicas de cada persoa e a súa casuística particular en relación á materia de Educación Física.

Con carácter xeral, estruturaremos a avaliación inicial en dous bloques de actividades:

A.- Preguntas sobre aspectos como:

- Nivel de hábitos físico-deportivos e grao de empatía ante a actividade física
- Idea preestablecida da materia
- Nivel de coñecementos ante bloques de contidos previstos na secuenciación para a 1ª avaliación: condición física (quecemento, análise do movemento, calidades físicas e test), actividades deportivas (regulamentos) e cultura deportiva xeral.

B.- Probas físicodeportivas

- Test de condición física: -batería proposta polo departamento
- Test de habilidade motriz: -referentes á actividade motora (deporte, expresión,...) proposta por cada profesor na 1ª avaliación.

Ao mesmo tempo solicitaremos dos pais e dos propios **alumnos información referida a datos de saúde**, antropométricos, etc. que debamos ter en conta á hora de realizar actividades físicas e adaptar así os procedementos á realidade do alumnado. enfermidades padecidas, se precisa atención especial (tomar medicamentos), problemas auditivos, visuais, motores...

Durante os primeiros momentos do curso, a **observación das características da clase**: número de alumnos, o funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...), as fortalezas en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e competencias clave servirá para identificar necesidades e pensar como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.)

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débesse ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar (planificación de reforzos, localización de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.
 - Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.
 - Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.
 - Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

4. CONTEXTUALIZACIÓN: CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

4.1. INSTALACIÓNS E OUTROS ESPAZOS.

O IES Eduardo Pondal está situado na zona Sur da Cidade de Santiago de Compostela, no barrio de Conxo. O instituto conta cun edificio principal, un pavillón polideportivo e un edificio anexo que contén a aula de música e o Taller de Tecnoloxía. No exterior tamén se atopa unha pista polideportiva e unha zona axardinada con árbores.

O centro, desde o punto de vista material, atópase aceptablemente dotado e preparado para desenvolver a labor educativa de acordo cos tempos que corren. O maior atranco é a carencia

de espazos, a necesaria reforma dalgunhas instalacións xa algo estragadas polo uso e a propia situación do centro nun marco urbano de por si complicado.

- **Instalacións propias do centro:**

- Un pavillón polideportivo cuberto cunha pista de 40x20 m. cun xogo de canastras de baloncesto, porterías de fútbol sala e postes de voleibol.
- Unha pista polideportiva descuberta.
- Zonas verdes anexas.

- **Instalacións próximas ao centro**

- Parque Luis Pasín: Este espazo acondicionado como zona verde foi inaugurado en maio de 2003, e ocupaba unha extensión duns 20.000 metros cadrados, máis a superficie do parque foi ampliada coa área contigua tras a Capela de Santa Marta co acondicionamento do SUP-6 (Solo urbanizable programado número 6 de Santa Marta), superando os 50.000 metros cadrados na actualidade. Este espazo verde está marcado polo desnivel do outeiro que ocupa, polo que os seus paseos e accesos adáptanse ás curvas de nivel que presenta o terreo. A súa configuración tamén está condicionada polos edificios anexos dedicados á ensinanza como son o IES Eduardo Pondal, o CFP Politécnico de Santiago, o CEIP Quiroga Palacios e o CPR Divino Maestro. Ten forma alongada, paralela á rúa José Ángel Valente e á avenida de Ferrol. Conta con diversidade de equipamentos para distintas actividades e cunha gran diversidade de especies arbóreas e arbustivas que contribúen a calidade ambiental e de vida na cidade. A pista deportiva e o parque infantil, situados no medio desta zona verde, aparecen rodeados de vizosas árbores e pradarias polas que percorrer esta zona verde e gozar dos momentos de lecer, xa que se crea un ambiente propicio para as prácticas recreativas, deportivas, culturais, lúdicas, festivas e medio ambientais, así como a súa utilización como recurso didáctico.
- Un pouco máis afastado atopamos un skatepark.
- Debido ás horas de coincidencia no pavillón, propónse un horario de maneira que todos os grupos de alumnado (agás dous 4ºESO) contén con polo menos unha hora de pavillón completo para o desenvolvemento das actividades lectivas.

A proposta de horario presentada foi a seguinte:

PROPOSTA DE HORARIO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Criterios de elaboración

- Compartir o pavillón as menos horas posible.
- Que o alumnado non teña dous días de Educación Física consecutivos.
- Que os grupos teñan unha sesión sen compartir pavillón.
- Que ningún grupo teña as dúas sesións a primeira hora.
- Compartir pavillón un número de horas equitativo.
- Horarios do profesorado compactos.

Cursos e grupos a impartir

A – CARLO MANUEL GUEDE FRANCO - (11h.)

- 1º ESO A, B, C e D
- 1º Bacharelato D (apoio alumna)

Y - YOLANDA FERREIRO (20h.)

- 2º ESO A, B, C e D
- 4º ESO B, C e D
- 1º Bacharelato B e D

F - FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ (16h.)

- 3º ESO A, B, C e D
- 4º ESO A
- 1º Bacharelato A e C
- Deporte escolar
- Xefatura de departamento

Horario

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45-9:35	C 1ESOA	Y 2ESOA	C/Y 1BacD	C 1ESOA - F 3ESOA	Y 4ESOC
9:35-10:25	C 1ESOB	Y 2ESOB	Y 1BacB	C 1ESOB - F 3ESOB	Y 4ESOB - F 4ESOA
10:45-11:35	Y 4ESOC - C 1ESOC	Y 2ESOC	F 1BacA	Y 2ESOA - F 3ESOC	Y 1BacB - F 1BacA
11:35-12:25	Y 4ESOD - C 1ESOD	Y 2ESOD	F 1BacC	Y 2ESOB - F 3ESOD	C/Y 1BacD - F 1BacC
12:45-13:35	Y 1BacB - F 1BacA	F 3ESOA	Y 4ESOB-F 4ESOA	Y 2ESOC	C 1ESOC
13:35-14:25	C/Y 1BacD - F 1BacC	F 3ESOB	Y 4ESOD	Y 2ESOD	C 1ESOD
16:30-17:20		F 3ESOC			
17:20-18:10		F 3ESOD			

Preferencias a respectar por orde de importancia:

1. Cubrir todas as horas dispoñibles do pavillón para coincidir as mínimas sesións posibles.
2. Sesións de EF de cada grupo en días non consecutivos.
3. Unha hora sen compartir pavillón cada grupo (non é posible con todos).
4. Non ter un grupo as dúas sesións de EF a primeira hora.
5. Coincidir cos mesmos niveis.
6. Os distintos grupos dun curso coas sesións consecutivas.

4.2. MATERIAL E EQUIPAMENTOS

O material necesario para desenvolver os contidos da área de Educación Física será actualizado e repostado en función do presuposto do departamento.

Habitualmente propoñémonos curso a curso aumentar a dotación de recursos materiais a través de:

- Reposición de material gastado ou extraviado.

- Reparación de material estragado.
- Compra de material novo.

4.3. ALUMNADO

O número total de alumnado do centro, consultado en Xade o día 10 de setembro de 2022, é de 585 alumnos e alumnas.

A distribución por niveis é a seguinte:

CURSO	GRUPO	Nº ALUMNAS	Nº ALUMNOS	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO POR NIVEL	ALUMNADO POR PROF.	
1º ESO	A			24			
1º ESO	B			25			
1º ESO	C			23			
1º ESO	D			23	95	95	CARLO
2º ESO	A			27			
2º ESO	B			28			
2º ESO	C			27			
2º ESO	D			27	109		
3º ESO	A			28			
3º ESO	B			28			
3º ESO	C			27			
3º ESO	D			27	95		
4º ESO	A			25		187	FRANCISCO
4º ESO	B			21			
4º ESO	C			23			
4º ESO	D			26	102	230	YOLANDA
1º BACHARELATO	A			20			
1º BACHARELATO	B			19			
1º BACHARELATO	C			32			TOTAL EF
1º BACHARELATO	D			32	103		512
2º BACHARELATO	A			17			
2º BACHARELATO	B			19			
2º BACHARELATO	C			17			
2º BACHARELATO	D			20			
			TOTAL	585			

- 4 grupos de 1º ESO: 95 alumnos/as
- 4 grupos de 2º ESO: 109 alumnos/as
- 4 grupos de 3º ESO: 110 alumnos/as
- 4 grupos de 4º ESO: 95 alumnos/as
- 4 grupos de 1º de Bach: 103 alumnos/as
- 3 grupos de 2º de Bach: 73 alumnos/as

O alumnado do instituto procede basicamente dos centros adscritos (CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP Roxos, Colexio A Milagrosa e, para o bacharelato, o Colexio Concertado Divino Maestro). Estes centros pertencen ao concello de Santiago de Compostela.

Na ESO, máis da metade do alumnado vive no núcleo urbano e, polo tanto, non utiliza o transporte escolar. O alumnado restante procede de áreas perimetrais e usa o transporte escolar.

En xeral, poderíamos dicir que o nivel socioeconómico dos alumnos do centro é medio ou medio-alto. A taxa de alumnado migrante é baixa; Sudamérica e Magreb centran as orixes, non se perciben dificultades significativas na integración. O castelán é a lingua materna e/ou de comunicación dunha boa parte do noso alumnado, principalmente do procedente das áreas adscritas ao centro. A presenza do galego é a lingua predominante nunha porcentaxe moi baixa do alumnado. En relación con esta situación lingüística, sinalar que a materia de Educación Física impártese en galego en todos os cursos da ESO e Bacharelato (acordo reflectido no Plan Lingüístico do centro), con todo, para facilitar o aprendizaxe do alumnado migrante, moitos dos contidos expóranse tamén en castelán.

O alumnado, en xeral, non atopa dificultades na nosa materia e adoita acadar os mínimos esixidos sen apenas atrancos. Segundo os datos da memoria do curso pasado, en torno ao 99% superou a materia, os suspensos foron debidos ao abandono da materia (e dos estudos en xeral).

4.4. PROFESORADO

O departamento de Educación Física está constituído por 3 docentes, cun total de 44 horas lectivas de Educación Física e 3 horas de apoio, na clase de Educación Física, a unha alumna con necesidades especiais, en total 47 horas:

- Carlo Manuel Guede Franco, con 8 horas lectivas de Educación Física, imparte docencia en 1º da ESO e 3 horas de apoio en 1º Bacharelato D.
- M^a Yolanda Ferreiro Domínguez, con 20 horas lectivas de Educación Física, imparte docencia en catro grupos de 2º da ESO, tres grupos de 4º da ESO e en dous grupos de 1º de Bacharelato.
- Francisco Javier González García, xefe de departamento, con 16 horas lectivas de Educación Física, imparte docencia en catro grupos de 3º da ESO, un de 4º da ESO, e dous grupos de 1º de Bacharelato.

5. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA Á CONSECUCCIÓN DAS FINALIDADES E OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

A norma que se terá que seguir para o terceiro nivel de concreción curricular, a programación didáctica de área é o *Decreto 86/2015 que ten por obxecto establecer o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Nos anexos **I, II e III** do citado decreto aparecen recollidas as concrecións curriculares para a

nosa comunidade, para os distintos bloques de materias. Ditas concrecións constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.

5.1. CONTRIBUCIÓN ÁS FINALIDADES DA ETAPA.

A materia de Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas alcancen a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu medio e coas demais, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesións de EF como na vida cotiá; sempre actuando de forma coherente e en concordancia co nivel de desenvolvemento psicomotor, e outorgándolle especial sensibilidade á atención á diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e procurando a integración dos coñecementos, os procedementos e as emocións que se vinculan á conduta motora.

A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.

Na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato o alumnado utilizará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades. Isto implica mobilizar toda unha serie de coñecementos, habilidades motrices, actitudes e valores en relación co corpo, en diversas situacións de ensino e aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permita adaptar a conduta motriz a diferentes ámbitos, conseguindo que o alumnado sexa un suxeito activo, responsable da xestión do seu estilo de vida saudable.

Nestas etapas educativas, a Educación Física debe permitir incrementar e mellorar o seu compromiso motor, sempre adecuado ás súas posibilidades, e desenvolver as habilidades motrices específicas con complexidade crecente á medida que se progresa nos sucesivos cursos.

As propias actividades axudarán, ademais, a desenvolver a relación coas demais persoas, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas relativas ás capacidades psicofísicas entre as rapazas e os rapaces, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

Cómpre salientar os xogos e os deportes tradicionais galegos, que, xunto coas danzas e os bailes propios de Galicia, supoñen un elemento importante de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural, ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

Destacar que a materia de Educación Física contribuirá á consecución das finalidades da etapa, establecidas no artigo 10.1. do **Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato:**

- Lograr que os/as alumnos/ as adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico.
- Desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo.
- Prepararlles para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formarlles para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións na vida como cidadáns.

5.2. CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA.

A Educación Física ten como finalidade, xunto coas outras áreas do currículo, a educación integral do individuo, e contribuír a acadar os OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA de cada un dos niveis educativos. Os obxectivos de área e de etapa serán os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin:

En **negrita, os obxectivos aos que contribúe a Educación Física en maior medida*

En **verde as novidades introducidas pola LOMLOE.*

- Tal e como aparecen reflectidos no artigo 10 do *No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* os obxectivos para a **educación secundaria obrigatoria** son:
 - a. **Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.**
 - b. **Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.**
 - c. **Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.**
 - d. **Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.**

- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos. **Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.**
 - f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
 - g. **Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.**
 - h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
 - i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada
 - j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
 - k. **Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara os seres vivos, especialmente os animais, e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.**
 - l. **Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.**
 - m. **Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.**
 - n. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
- Tal e como aparecen reflectidos no artigo 26 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* os obxectivos para o **bacharelato** contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:
- a. **Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.**
 - b. **Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lle permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico.**

Ser quen de previr, **detectar** e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, **así como as posibles situacións de violencia**.

- c. **Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnico, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.**
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. **Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.**
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k. **Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.**
- l. **Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.**
- m. **Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.**
- n. **Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.**
- o. **Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sostible.**
- p. **Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.**

6. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA PARA A ESO.

6.1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA NA ESO.

- a) Resolver situacións motrices individuais aplicando os fundamentos técnicos e habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións reais ou adaptadas.

- b) Interpretar e producir accións motrices con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.
- c) Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración oposición, utilizando as estratexias máis adecuadas en función dos estímulos relevantes.
- d) Recoñecer os factores que interveñen na acción motriz e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, aplicándoos á propia práctica e relacionándoos coa saúde.
- e) Desenvolver as capacidades físicas de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, mostrando unha actitude de autoesixencia no seu esforzo.
- f) Desenvolver actividades propias de cada unha das fases da sesión de actividade física, relacionándoas coas características das mesmas.
- g) Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando cos demais e aceptando as súas achegas.
- h) Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable da contorna.
- i) Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características das mesmas e as interaccións motrices que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.
- l) Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de aprendizaxe, para buscar, analizar e seleccionar información relevante, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións dos mesmos.

6.2. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Na área de Educación Física incidiremos no desenvolvemento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A aprendizaxe da Educación Física vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida en que contextualiza a resolución de problemas en situacións cotiás. As situacións que suscita poden desenvolverse coa realización de cálculos, a utilización de números, interpretando informacións, gráficos, datos, argumentacións e realizando razoamentos de lóxica matemática sobre orde, secuencias, cantidades, distancias... Ademais, a adquisición de hábitos saudables por medio da práctica física e a posibilidade da súa realización na contorna natural fan da Educación Física un elemento fundamental para o tratamento desta competencia.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Recollida de datos, aplicación de fórmulas, elaboración de gráficas e a súa interpretación
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais respecto de a visión social relativa á estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Interactuar coa contorna natural de xeito respectuoso.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso ao redor e responder preguntas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

A aprendizaxe e práctica da Educación Física precisa de intercambios comunicativos que favorezan a transmisión de información de xeito eficaz, contribuíndo á súa vez á adquisición do vocabulario propio da área.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, isto lévanos a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propoñemos.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos da comunicación verbal en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital

A Educación Física favorece o desenvolvemento dunha actitude crítica cara ás mensaxes e estereotipos referidos ao corpo e a súa imaxe, procedentes dos medios de comunicación de masas e das redes sociais.

Á súa vez, o uso de aparellos tecnolóxicos para medir diferentes variables asociadas á práctica deportiva e a procura de información a través de medios dixitais, permitirá o desenvolvemento dos seguintes descritores competenciais:

- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

Por medio da Educación Física o alumnado achégase, pode explorar e utilizar o seu propio corpo e o seu movemento como medio para a expresión de ideas ou sentimentos de xeito creativo.

Ademais, aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral e á visión que se ten tido delas ou de conceptos como a estética ou a beleza a través das diferentes culturas e relixións. Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

Competencias sociais e cívicas

As actividades físicas, fundamentalmente as que se realizan de forma colectiva, contribúen ao desenvolvemento de actitudes de integración e respecto, así como a xerar situacións de convivencia, cooperación e solidariedade.

EF-B2.1	4º-EFB2.1.1 - Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.	Participa de xeito desinhibido en composicións de carácter artístico-expresivo.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Observador externo. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Producións motrices. Rúbrica.</p>	CCEC
EF-B2.1	4º-EFB2.1.2 - Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.	Axusta xeralmente as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Observador externo. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Producións motrices. Rúbrica.</p>	CCEC
EF-B2.1	4º-EFB2.1.3 - Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.	Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCEC
EF-B3.1	4º-EFB3.1.1 – Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	Identifica as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Proba aberta.</p>	CMCT
EF-B3.1	4º-EFB3.1.2 - Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.	Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Cuestionario pechado.</p>	CMCT

EF-B3.1	4º-EFB3.1.3 - Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	Relaciona hábitos nocivos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.		X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Posta en común.	CMCT
EF-B3.1	4º-EFB3.1.4 - Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.	Recoñece as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física	X	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos.	CMCT
EF-B3.2	4º-EFB3.2.1 - Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.	Recoñece a implicación das capacidades físicas básicas na realización de actividades dos tipos de actividade física.	X				PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
EF-B3.2	4º-EFB3.2.2 - Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	Practica de forma regular actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CMCT
EF-B3.2	4º-EFB3.2.3 - Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	Aplica nas sesións de clase os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CMCT
EF-B3.2	4º-EFB3.2.4 - Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.	Valora a súa aptitude física relacionándoas coa saúde.	X				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CMCT
EF-B4.1	4º-EFB4.1.1 - Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características	Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características		X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices.	CAA CSIEE

EF-B4.1	4º-EFB4.1.2 - Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.	Axusta minimamente a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CAA CSIEE
EF-B4.1	4º-EFB4.1.3 - Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	Adapta basicamente as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CAA CSIEE
EF-B4.2	4º-EFB4.2.1 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.	Aplica de xeito oportuno as estratexias específicas básicas das actividades de oposición.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CAA CSIEE
EF-B4.2	4º-EFB4.2.2 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.	Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas básicas das actividades de cooperación.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CAA CSIEE
EF-B4.2	4º-EFB4.2.3 - Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.	Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas básicas das actividades de colaboración-oposición, perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CAA CSIEE
EF-B4.2	4º-EFB4.2.4 - Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.	Aplica solucións ante as situacións formuladas e valora as súas posibilidades de éxito.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices.</p>	CAA CSIEE

EF-B4.2	4º-EFB4.2.5 - Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.	Xustifica someramente as decisións tomadas na práctica das actividades e identifica os procesos que están implicados nelas.		X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CAA CSIEE
EF-B4.2	4º-EFB4.2.6 – Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores,valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.	Argumenta, de xeito básico, estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta.	CAA CSIEE
EF-B4.3	4º-EFB4.3.1 - Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.	Identifica os principais efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos.	CSC CMCT
EF-B4.3	4º-EFB4.3.2 - Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida	Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida, poñéndoas en práctica			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba aberta.	CSC CMCT
EF-B4.3	4º-EFB4.3.3 - Demostra hábitos e actitudes de conservación e protección ambiental.	Mostra hábitos básicos e actitudes de conservación e protección ambiental.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CMCT

7. CONTRIBUCIÓN AO TRATAMENTO DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS.

A LOMLOE establece, tanto para a etapa da ESO como para o Bacharelato, o seguinte:

Sin perjuicio de su tratamiento específico, la comprensión lectora, la expresión oral y escrita, la comunicación audiovisual, la competencia digital, el emprendimiento social y empresarial, el fomento del espíritu crítico y científico, la educación emocional y en valores, y la creatividad se trabajarán en todas las materias. En todo caso se fomentarán de manera trasversal la educación para la salud, incluida la afectivo-sexual, la formación estética, la igualdad de género y el respeto mutuo y la cooperación entre iguales.

Os temas transversais forman parte da educación en valores e é conveniente facer explícitos porque teñen unha incidencia directa sobre a vida cotiá. Estes elementos transversais vanse traballar explícita ou implícitamente en todos os cursos posto que as propostas das unidades didácticas de cada curso inclúen actividades e tarefas que tratan estes temas. A achega da nosa área, referida a estes contidos transversais, concrétase na nosa programación da seguinte maneira:

A comprensión lectora. Entre as estratexias para animar ao alumnado a ler, así como favorecer o desenvolvemento da expresión e comprensión oral e escrita, podemos destacar:

- A lectura e comprensión de textos e apuntes propostos polo departamento.
- A través de coloquios, a partir dos textos anteriores, sobre temas de interese e vocabulario propio da materia.
- Por medio da consulta bibliográfica propia da materia que se atopa na biblioteca do instituto e departamento .
- Lectura de artigos relacionados coa saúde e o deporte.
- Libros temáticos dos distintos deportes.
- Fichas de control das actividades.
- Desenvolvemento das diferentes probas.
- Estudio dos diferentes regulamentos dos deportes.
- Aquelas accións previstas no plan lector para realizar de xeito coordinado entre as distintas áreas.

A comunicación audiovisual abórdase incluíndo variedade de soportes e recursos audiovisuais nas actividades de cada unidade didáctica tanto para comunicar contidos existentes como para crear e editar novos contidos.

As tecnoloxías da información e da comunicación. En relación ao fomento do uso das TIC, a materia, a área contribúe de varias maneiras posto que se lle pedirá aos alumnos a realización, de xeito guiado, de tarefas como:

- Utilización da Aula Virtual do centro de xeito habitual.

- Busca, obtención e selección de información relacionada cos contidos da materia usando as TIC.
- Elaboración de documentos e traballos por medio das TIC.
- Ao mesmo tempo, o profesor apoiárase nas TIC á hora de presentar os contidos aos alumnos (particularmente presentacións, vídeos, infografía e outros recursos existentes na rede).

O emprendemento. As actividades propias dos deportes permiten afianzar o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Educación cívica e constitucional: fomentaremos actitudes de respecto polas normas construídas democraticamente, aceptación das diferenzas, cooperación e tolerancia. Moitos dos xogos, actividades e tarefas da área de Educación Física son propicias para abordar estas cuestións.

Igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero: as actividades físicas serven como base para o respecto das características de cada sexo e como superación de estereotipos sexistas no deporte e na vida cotiá. Propoñemos prácticas e actividades que poden realizar tanto alumnos como alumnas.

Resolución pacífica de conflitos: nas distintas actividades promoveremos actitudes de convivencia, colaboración, solidariedade, respecto as diferenzas individuais ou grupais e de fomento do diálogo entre as persoas.

Educación e a seguridade viaria: tódolos contidos propios da Educación Física referidos ao corpo no espazo e no tempo fomentarán esquemas motores que terán unha transferencia positiva a situacións normais de comportamento no medio urbano ou viario. Nos contidos relacionados coas actividades na natureza abórdanse en concreto cuestións de seguridade viaria. As propias actividades da materia tratan de favorecer a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Consideracións a ter en conta como docentes:

- Permitir que o grupo progrese cara á competición cooperativa, axudando na posta en práctica dos contidos.
- Facilitar o coñecemento, a comprensión e a análise dos elementos socio - afectivos que poden frear o avance do grupo, por exemplo a competencia entre subgrupos e a agresividade.
- Evitar o establecemento de diferenzas entre os hábiles e os menos hábiles.
- Considerar que a actividade física e o deporte, tanto escolar como extracurricular, son hábitos saudables e que deben situarse como hábitos ou condutas habituais, incluíndoos dentro do estilo de vida.
- Prestar atención non só ao resultado, tamén ao proceso de aprendizaxe.
- Concienciarse de que as expectativas que o docente ten sobre o alumnado influirán sobre o alumnado.
- Evitarase a transmisión sistemática de valores, promovendo a reflexión, xa que na vida os mozos e mozas deberán elixir, valorar por si mesmos, e deberán orientarse de forma acertada tanto na súa vida persoal, como social.

- Conseguir que o alumnado vexa ás sesións da nosa área non como un medio de demostrar superioridade sobre os demais, evitando que a agresividade sexa unha calidade valorada.
- Evitar que a competición se equipare con superioridade, xa que non son poucos os que consideran á vitoria dependente do fracaso doutros.
- Axudar a superar o antagonismo competición e cooperación, a partir do respecto tanto dos compañeiros como da normativa do xogo, é como se alcanzará unha plena satisfacción e conseguirase que o xogo teña sentido.
- Creatividade fronte estruturas de xogo que imitan os valores dunha sociedade competitiva como a nosa, proporcionando máis actividades cooperativas que competitivas.
- Comentar en clase as incidencias acaecidas nos grandes espectáculos deportivos e reflexionar achega da repercusión que estes teñen nos medios de comunicación e a súa influencia sobre a poboación.
- As clases serán o lugar ideal para fomentar a colaboración e solidariedade, respectando non só a opinión do resto, senón tamén os diferentes niveis de habilidade existentes. Os conflitos son inherentes ás relacións humanas e estas deberán axudar a clarificar posturas, intereses e valores. O docente só intervirá naqueles nos que non sexan capaces de resolvelos por si mesmos.
- Evitar formulacións que favorezan ou permitan calquera tipo de discriminación, xa sexa sexista, racial ou física. Para iso será necesario considerar os contidos *entendidos tipicamente como femininos* a un mesmo nivel que os masculinos. Non esquezamos que a educación mixta supuxo a supresión do feminino, como forma de acabar con esa discriminación, universalizando o modelo masculino.
- Actuar con coherencia, como xa se comentou, evitando, por exemplo, ser intransixentes nun momento e permisivos noutro para a mesma situación.
- Evitar a infracción das normas, que doutra banda han de ser definidas con claridade e coa suficiente flexibilidade de acordo ao nivel do grupo

A continuación exporase a relación dos estándares de aprendizaxe cos contidos transversais de cada un dos niveis educativos, para constatar e facer efectivo o seu tratamento no proceso de ensino-aprendizaxe.

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia
EV	Educación e seguridade viaria

2º ESO

Estándares de aprendizaxe	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.		X						
EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.		X						
EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.		X						
EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.		X				X		
EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.		X				X		
EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.		X				X		
EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.		X				X		
EFB1.3.2. Respecta o contorno e valórao como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.		X				X		
EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.		X				X		
EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico- deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.		X				X		
EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.		X				X		
EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.		X				X		
EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura,		X		X				

análise e selección de información salientable.								
EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.		X		X				
EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.		X			X			
EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.					X			
EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.					X			
EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.					X			
EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.					X			
EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.		X						
EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.		X						
EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.		X						
EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.		X						
EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.		X						
EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.		X				X		
EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.		X						X
EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de		X				X		

prevención de lesións.								
EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.		X						
EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas		X				X		
EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.		X						
EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.		X						
EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.		X						
EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.		X						
EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.		X						
EFB4.2.2. Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración- oposición facilitadas.		X						
EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción.		X						
EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.		X						

4º ESO

Estándares de aprendizaxe	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV
EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.		X	X	X		X	X	
EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal.		X	X					
EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.		X		X				
EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.		X	X			X	X	
EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas.		X			X	X		
EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilízalos na súa práctica de maneira autónoma.		X				X	X	
EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.		X	X					X
EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas.		X	X		X		X	
EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.		X						X
EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.		X				X	X	
EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.		X	X	X	X			
EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas.		X	X	X				
EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a		X				X		

posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos.								
EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.		X			X	X		
EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente información actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.		X		X	X		X	
EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.		X		X			X	
EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.		X	X		X		X	
EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.		X	X	X				
EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.		X	X	X				
EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.		X	X	X				
EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.		X		X			X	
EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.		X	X	X				
EFB3.1.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.		X	X			X		
EFB3.1.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.		X	X		X			
EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.		X	X			X		

EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.		X	X					
EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.		X						
EFB3.2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoas coa saúde.		X		X		X		
EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.		X	X	X				
EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas.		X	X	X				
EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.		X		X		X		
EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.		X				X		
EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.		X		X		X		
EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario.		X		X		X	X	
EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.		X		X	X			
EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.		X	X			X		
EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.		X	X			X		

EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.			X			X		X
EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.		X				X		

8. PROPOSTA DE UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN.

Para concretar a secuenciación de contidos e a súa distribución temporal terase en conta o establecido na **ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.**, así como o calendario de sesións de avaliación do primeiro e segundo trimestre establecido polo equipo directivo:

Artigo 10. Sesións de avaliación

2. A sesión de avaliación final ordinaria do alumnado do primeiro curso do bacharelato, a sesión da avaliación final de módulos do alumnado do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, así como a sesión de avaliación previa á avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberán realizarse a partir do día **5 de xuño de 2023**.

3. As sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional deberán realizarse a partir do día **22 de xuño de 2023**.

Artigo 11. Probas finais

1. 1. O alumnado de segundo de bacharelato con materias pendentes do primeiro curso será convocado, de ser o caso, a unha proba final que se adecuará ás datas previstas para a ABAU.

2. As probas finais da convocatoria extraordinaria para o bacharelato e o primeiro curso dos ciclos formativos de grao básico realizaranse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023.

PRIMEIRO TRIMESTRE		
Setembro:	7 sesións	28 SESIÓNS
Outubro:	8 sesións	
Novembro:	9 sesións	
Decembro:	4 sesións	
SEGUNDO TRIMESTRE		
Xaneiro:	7 sesións	22 SESIÓNS
Febreiro:	8 sesións	
Marzo:	7 sesións	
TERCEIRO TRIMESTRE		
Abril:	6 sesións	17 SESIÓNS
Maio:	9 sesións	
Xuño:	2 sesións	
TOTAL SESIÓNS:		67 SESIÓNS

Para a distribución dos contidos nos diferentes cursos tivemos en conta unha serie de factores que pasamos a comentar. Aínda que os cursos 1º, 3º ESO e 1º Bacharelato se programen pola nova lei tentaremos que a progresión de aprendizaxes se manteña

- Como sinala o Decreto que determina o currículo, os contidos do **BLOQUE COMÚN**, pola súa natureza transversal, traballarase ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas independentemente do propio nivel de execución...
- O bloque de contidos de **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE** decidimos introduci-lo en todos os niveis cunha unidade didáctica inicial. Desta forma iniciaremos o curso cunha valoración (avaliación de diagnóstico) da condición física saudable do alumnado co fin de que poidan observar e reflexionar sobre os cambios nas distintas capacidades físicas e variables antropométricas durante os anos de ESO e Bacharelato. Ao final de curso realizaremos unha nova valoración para que as modificacións, si existen, poidan ser observadas tamén no propio curso escolar. O noso obxectivo é que o alumnado sexa consciente dos cambios que se producen no seu corpo e na súa condición física e que valoren a necesidade de manter unha actividade física como hábito na súa vida diaria. As distintas unidades didácticas de condición física e saúde terán un tratamento sumativo de tal forma que ano a ano recordaranse os contidos anteriores e se ampliarán, dirixíndonos sempre cara unha maior autonomía do alumnado no manexo dos distintos elementos que forman parte do adestramento das capacidades físicas: test, métodos, cargas, exercicios...

No bacharelato buscaremos que o alumnado utilice os coñecementos e capacidades, vinculados a este bloque de contidos, acadados na ESO para elaborar un programa de adestramento individualizado, en función dos seus intereses e posibilidades.

- Os contidos de **XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS**, tratarémolos ao longo da ESO, tentando introducir modalidades deportivas psicomotrices, sociomotrices de oposición e de colaboración oposición, así como xogos e deportes alternativos e tradicionais. As directrices para a secuenciación temporal destes contidos son:
 - Da iniciación ao perfeccionamento, a través dun tratamento bianual de cada modalidade (tentarase que as modalidades deportivas se traten dous anos ao longo das dúas etapas).
 - De xeito xeral: da técnica e táctica individual (1º ano) á táctica grupal e colectiva (2º ano).
 - De xeito xeral: do coñecemento e práctica dos xogos e deportes (1º ciclo) á súa utilización na recreación e na competición (2º ciclo).

No bacharelato a intervención didáctica consistiría nun repaso dos elementos formais e funcionais das modalidades a tratar e na programación dunha competición deportiva a cargo do propio alumnado, introducíndoo desta forma na planificación de actividades de recreación e ocio.

- O tratamento das **ACTIVIDADES NO MEDIO NATURAL**, as condicións climáticas teranse en conta para a súa situación temporal ao longo do curso. As actividades de orientación introducíremolas de forma progresiva desde 1º de ESO. Para desenvolver contidos deste bloque organizaremos, na medida do posible, unha saída en cada un dos niveis para que poidan realizar unha actividade deportiva nun entorno natural.
- Con respecto ao bloque de **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**, procuramos que os distintos contidos aparezan de forma progresiva nos catro cursos da ESO para evitar o seu rexeitamento, frecuente, sobre todo, na poboación escolar masculina. Así partiremos desde actividades con compoñentes lúdicos e de representacións simples, ritmos sinxelos e niveis de abstraccións baixos, cara actividades con máis implicación persoal, maior dificultade técnica, ritmos musicais variados e actividades expresivas que permitan a desinhibición. No bacharelato trataremos especificamente as diversas técnicas que se utilizan na expresión corporal, e ampliaremos a bagaxe motriz rítmica do noso alumnado con bailes de salón estándar, bailes latinos, actividades coreográficas actuais... etc.

O desenvolvemento das unidades didácticas e a súa posible modificación está en función da coincidencia á mesma hora das clases lectivas de dous grupos á vez no pavillón polideportivo e outros condicionantes que puideran xurdir.

RESUMO DA TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

	2º ESO	SESIÓNS
1ª Avaliación	- Presentación	1
	- Tests de condición física	4
	- CF e saúde: quecemento xeral, resistencia (aeróbica e anaerób), forza e flexibilidade	11
	- O balonmán I: regulamento; os elementos técnico-tácticos individuais.	12
2ª Avaliación	- Recollida e práctica de xogos populares e tradicionais	8
	- Calidades físicas psicomotrices: Coordinación, axilidade, equilibrio	3
	- O baloncesto I: regulamento; os elementos técnico-tácticos individuais	9
	- Orientación	2
3ª Avaliación	- Iniciación á Escalada	2
	- O atletismo: saída, relevos, altura, triplo salto, lanzamentos	5
	- Habilidades ximnásticas: as combinacións en grupo - Acrosport	4
	- Iniciación ás actividades rítmicas: Aeróbic	4
	- Tests de condición física	2

	4º ESO	SESIÓNS
1ª Avaliación	- Presentación	1
	- Tests de condición física	4
	- Condición Física CFB: forza, resistencia, flexibilidade e velocidade	11
	- O balonmán II: regulamento; os elementos técnico-tácticos colectivos.	12
2ª Avaliación	- O baloncesto I: regulamento; os elementos técnico-tácticos colectivos	10
	- Xogos e deportes Béisbol, Hockey sala, Pelota, Rugby..	9
	- Expresión corporal	3

3ª Avaluación	- As competicións deportivas: organización na aula	5
	- Orientación	2
	- Actividades no medio natural	2
	- Actividades rítmicas: bailes de salón	6
	- Tests de condición física	2

9. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A finalidade do ensino da Educación Física é contribuír a que o alumnado acade os obxectivos xerais e facilitar o seu desenvolvemento competencial, incidindo no traballo das capacidades plasmadas nos obxectivos da materia.

Os avances técnicos e tecnolóxicos tenden a reducir o gasto enerxético das persoas na realización das súas actividades diarias. As horas de práctica de actividade física para compensar un sedentarismo crecente son escasas. Neste marco, o enfoque metodolóxico debe contribuír a afianzar a autonomía plena do alumnado para satisfacer as súas propias necesidades motoras, a facilitarlle a adquisición dos procedementos necesarios para planificar, organizar e dirixir as súas propias actividades. Así, débese favorecer a competencia do alumnado para aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica tanto no plano persoal coma no social, especialmente no bacharelato.

As **estratexias metodolóxicas** que se propoñen para desenvolver o currículo desta materia son as seguintes:

- Atender a diversidade seleccionando actividades con diferente grao de complexidade, de tal maneira que poidan ser realizadas partindo de distintos niveis.
- Propiciar unha aprendizaxe significativa a partir dunhas experiencias previas que permita a transferencia a outras situacións posteriores. Para iso debemos secuenciar as actividades de forma coherente buscando a funcionalidade.
- Impulsar as relacións entre iguais fomentando a cooperación coa organización de tarefas estimulantes en grupo, distribuíndo as responsabilidades individuais e evitando calquera tipo de discriminación.
- Fomentar a autonomía, a iniciativa persoal, a creatividade, a responsabilidade, a actitude crítica e a competencia de aprender a aprender a través da planificación de programas de actividade física partindo dun estado inicial valorado e tendo en conta os condicionantes do contorno.
- Favorecer o desenvolvemento persoal e social a través da actividade física e do deporte buscando actividades significativas e satisfactorias para as persoas.
- Fomentar a adquisición de sensibilidade e respecto polo medio natural mantendo unha actitude responsable cara á súa protección a través da realización de actividades na natureza.
- Promover a utilización das novas tecnoloxías para informarse, comunicarse e avanzar nos coñecementos propios das ciencias da actividade física e do deporte.

- Promover a aprendizaxe desde un punto de vista construtivista, activo, levado a cabo polos propios alumnos e alumnas como principais protagonistas e co persoal docente como guía.

En resumo, tratamos de que o alumnado desenvolva aquelas competencias que lle permitan constituírse en persoas autónomas, capaces de aprender por si mesmas, contribuíndo á súa capacidade de tomar decisións responsables sobre cuestións relacionadas coa actividade física e a saúde e a xestión activa do tempo libre.

En relación aos **métodos de ensino**, sinalar que se corresponden cos obxectivos que se pretendan en cada unidade didáctica. Isto non quere dicir que en cada unidade se utilice un método único, senón que, polo contrario, normalmente se combinarán, sendo os obxectivos didácticos propostos os que determinen a conveniencia de que predomine a utilización dun ou outro método.

Así, tomando como punto de partida a idea de que non se pretende buscar a toda costa un rendemento deportivo concreto, cando se trata da ensinanza e aprendizaxe de modelos, usaremos o método de instrución directa, aconsellable naquelas actividades que teñen solucións ben definidas polo seu probado rendemento, cuxa execución requira uns programas motores específicos. Non se debe esquecer que é moito máis sinxelo aprender correctamente unha técnica dende o principio que intentar corrixila cando se aprendeu erroneamente.

Pero de igual forma que a instrución directa resulta moi interesante en certas actividades, non ten ningún sentido noutras. Aínda que o exemplo máis claro disto témolo na expresión corporal, hai outras moitas actividades e situacións nas que é máis enriquecedor utilizar un ensino mediante a busca, o propoñela en forma de resolución de problemas, como pode ser o caso dalgúns deportes alternativos, a proposta de posibles solucións tácticas nos deportes máis convencionais, ou, tamén, cando se queira introducir elementos lúdicos nos deportes tradicionais.

Un dos procedementos metodolóxicos que vai ser utilizado con maior frecuencia, ao longo do curso, é a asignación de tarefas, xa que facilita enormemente a individualización do ensino ao propiciar que cada alumno/a ou grupo de alumnos/as realice aquelas actividades que son máis adecuadas á súa competencia motriz. Ademais, este procedemento axuda a que o/a profesor/a poda axustar mellor as súas intervencións durante o proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades específicas de cada alumno/a nun momento determinado.

Así mesmo, tamén se proporán situacións de ensino recíproco, xa que o feito de que un alumno teña que corrixir ao seu compañeiro ou compañeiros non só axuda ao que está executando a acción, senón que tamén, o que fai as veces de ensinante, adquire unha idea máis clara da actividade que tamén el debe realizar, ao verse obrigado a analizar a execución do seu compañeiro e a detectar os erros que comete. Por outro lado, o ensino recíproco supón, en si mesmo, unha boa forma de desenvolver algúns contidos actitudinais.

Aínda que a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá tamén desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as achegas da Educación Física e o deporte á nosa saúde e ocupación do lecer e o tempo libre. Para iso necesitamos

combinar a práctica de actividade física co proceso reflexivo.

Nalgúns aspectos da área o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos e destrezas fundamentais desta área.

Na área de Educación Física é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Os criterios de agrupamento poderán variar:

- Agrupacións de alumnos de nivel motriz heteroxéneo: para lograr que os alumnos de maior nivel sirvan de estímulo aos de nivel inferior e para propoñer situacións de "microensino", para o desenvolvemento de determinados contidos actitudinais, e como elemento de integración.
- Agrupacións de alumnos de nivel motriz homoxéneo: para a realización de pequenas adaptacións dos contidos, non significativas; para establecer secuencias de aprendizaxes comúns para o grupo, e para establecer situacións competitivas máis igualadas en cada un dos deportes traballados, pois non hai que descartar o valor educativo da competición.
- Agrupacións heteroxéneas: en canto a capacidades e potencialidades, para aproveitar a variabilidade do grupo na resolución de problemas e desenvolvemento de traballos con metodoloxía cooperativa.

10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Para acadar os obxectivos propostos empregaremos as instalacións (pavillón, patios exteriores...) e materiais de que dispón o IES Eduardo Pondal, principalmente os asignados ao departamento de Educación Física e que se enumeran no inventario do departamento. No relativo aos contidos de carácter conceptual (e secundariamente aos procedimentais e actitudinais), apoiarémonos fundamentalmente en ferramentas TIC, a través da Aula Virtual.

Opcionalmente, para aqueles alumnos/as con dificultades para acceder a estes medios, facilitaremos material impreso ou se adaptarán os recursos en liña, ofrecendo recursos offline (cos que necesitan pouca conexión a internet) ou potenciando contidos adaptados a móbiles (dispositivos máis presentes en todas as familias).

No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, intentarase establecer canles estables de comunicación entre o profesorado e as familias deste colectivo.

11. PROCESO DE AVALIACIÓN.

Segundo *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe (estes últimos, con carácter orientativo). A avaliación será **continua** en canto que forma parte do proceso de ensino aprendizaxe e terá carácter **formativo e orientador** permitindo detectar as dificultades no momento que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Tendo en conta o **calendario de aplicación** da Lei 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006, do 3 de maio, de Educación, definido na súa disposición transitoria segunda, para o presente curso terase en conta os seguintes aspectos reflectidos na nova lei:

- **Disposición transitoria segunda bis. Estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Ate a implantación das modificacións introducidas nesta lei relativas ao currículo, á organización e aos obxectivos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, a que se refire o artigo 6 bis, tras a redacción da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, terán carácter orientativo.

12. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Os resultados da avaliación expresaranse mediante unha cualificación numérica, do 1 ao 10 sen decimais, que será o resultado do cálculo da media ponderada de todas as notas recollidas cos instrumentos de avaliación. Tendo en conta que os estándares están vinculados ao contidos establecidos na programación e utilizados en cada unidade didáctica, podemos agrupalos en tres ámbitos relacionados co carácter deses contidos. A cualificación, polo tanto, establecerase atendendo á seguinte ponderación:

ESO

Estándares vinculados ao ámbito conceptual	30%
Estándares vinculados ao ámbito procedimental	40% (20% participación activa nas actividades da materia - 20% producións motrices dos alumnado)
Estándares vinculados ao ámbito actitudinal	30%

Tipos	Estándares de aprendizaxe	
	2º ESO	4º ESO
EA APP 20%	2º-EFB1.1.2 2º-EFB1.1.3 2º-EFB1.4.3 2º-EFB2.1.1 2º-EFB2.1.3 2º-EFB2.1.4 2º-EFB3.1.5 2º-EFB3.2.1 2º-EFB3.2.2 2º-EFB4.1.1 2º-EFB4.1.4 2º-EFB4.1.5 2º-EFB4.2.1 2º-EFB4.2.3 2º-EFB4.2.4	4º-EFB1.1.1 4º-EFB1.1.2 4º-EFB1.1.3 4º-EFB1.2.3 4º-EFB1.4.1 4º-EFB1.5.1 4º-EFB2.1.1 4º-EFB2.1.3 4º-EFB3.2.2 4º-EFB3.2.3 4º-EFB4.2.5 4º-EFB4.3.2
EA AP PM 20%	2º-EFB1.4.3 2º-EFB2.1.1 2º-EFB2.1.2 2º-EFB2.1.3 2º-EFB2.1.4 2º-EFB3.1.4 2º-EFB3.1.5 2º-EFB3.2.1 2º-EFB3.2.2 2º-EFB4.1.1 2º-EFB4.1.2 2º-EFB4.1.4 2º-EFB4.1.5 2º-EFB4.2.1 2º-EFB4.2.2 2º-EFB4.2.3 2º-EFB4.2.4	4º-EFB2.1.1 4º-EFB2.1.2 4º-EFB3.2.4 4º-EFB4.1.1 4º-EFB4.1.2 4º-EFB4.1.3 4º-EFB4.2.1 4º-EFB4.2.2 4º-EFB4.2.3 4º-EFB4.2.4
EA AC 30%	2º-EFB1.1.1 2º-EFB1.1.2 2º-EFB1.1.3 2º-EFB1.3.1 2º-EFB1.3.3 2º-EFB1.4.1 2º-EFB1.4.2 2º-EFB1.5.1 2º-EFB1.5.2 2º-EFB3.1.1 2º-EFB3.1.2 2º-EFB3.1.3 2º-EFB3.1.6 2º-EFB3.2.3 2º-EFB3.2.4 2º-EFB4.1.3 2º-EFB4.2.2	4º-EFB1.1.1 4º-EFB1.2.3 4º-EFB1.4.2 4º-EFB1.4.3 4º-EFB1.6.1 4º-EFB1.6.2 4º-EFB1.6.3 4º-EFB3.1.1 4º-EFB3.1.2 4º-EFB3.1.3 4º-EFB3.1.4 4º-EFB3.2.1 4º-EFB4.2.5 4º-EFB4.2.6 4º-EFB4.3.1 4º-EFB4.3.2

EA AA 30%		4º-EFB1.2.1
		4º-EFB1.2.2
		4º-EFB1.3.1
	2º-EFB1.2.1	4º-EFB1.3.2
	2º-EFB1.2.2	4º-EFB1.3.3
	2º-EFB1.2.3	4º-EFB1.4.1
	2º-EFB1.3.1	4º-EFB1.5.1
	2º-EFB1.3.2	4º-EFB1.5.2
	2º-EFB1.5.1	4º-EFB1.6.2
		4º-EFB1.6.3
	4º-EFB2.1.3.	
	4º-EFB3.2.4	
	4º-EFB4.3.3	

- Para os alumnos lesionados ou con algunha enfermidade ou indisposición temporal, que lles impida a realización dos exercicios prácticos, as porcentaxes de cualificación corresponderán nun **70% ao ámbito conceptual**, dado que a parte práctica se traballará tamén mediante producións non motrices, e nun **30% ao actitudinal**, tanto na ESO como no bacharelato.
- As cualificacións de cada avaliación expresaranse, como establece a normativa, con números enteiros, sen decimais, non obstante cando a media resultante ao final do proceso de avaliación leve decimais, se o primeiro decimal é igual ou maior a 5, a cualificación final redondearase ao número enteiro inmediatamente superior. Para o cálculo da nota final teranse en conta ata dous decimais, acadados nas diferentes probas e nas avaliacións.
- Para a superación da materia de Educación Física os alumnos e alumnas deberán acadar unha cualificación numérica de **cinco puntos**. Os **indicadores de logro**, cuxo alcance significará a consecución do grao mínimo dos estándares, serán os seguintes:
 - ✓ Ter realizado e presentado, dun xeito aceptable, as tarefas e actividades propostos ao longo do curso, na forma e soporte axeitado.
 - ✓ Ter ao día as tarefas na Aula Virtual de EF ou en soporte físico, segundo se solicite, tendo reflectido as prácticas e anotacións que sinalara o profesorado.
 - ✓ Ter asistido regularmente (máximo de catro faltas de asistencia sen xustificar por avaliación), as sesións de clase, aínda que non se poida facer a práctica, en cuxo caso terá que realizar o traballo proposto polo profesorado. Isto é así posto que a consecución dalgúns dos estándares de aprendizaxe implica a participación activa nas actividades físicas e deportivas e o feito de non asistir implica a non participación nesas tarefas realizadas na aula.
 - ✓ Realizar as probas dos diferentes bloques de contidos, subliñando que se debe ter acadado unha progresión individual suficiente e tomando como referencia os estándares básicos para o curso.

- ✓ Cumprir as normas de funcionamento expostas nas primeiras clases en canto a puntualidade, roupa e material axeitado, comportamento, actitude activa e positiva, respecto, hixiene e aseo, etc. Estas normas están directamente relacionadas co desenvolvemento de boa parte dos contidos da Educación Física e co logro de moitos estándares de aprendizaxe.
- ✓ Comportamentos e actitudes inapropiadas reiteradas, que inciden no desenvolvemento das clases, na práctica segura e saudable de actividades físicas, nos valores sociais, etc. e que se relacionan cos estándares de aprendizaxe, serán rexistrados por medio do instrumento de avaliación correspondente. Os rexistros suporán un desconto na nota vinculada aos estándares do ámbito actitudinal.
- ✓ Terase en conta a ortografía na presentación das producións escritas, podendo restar ata 0,05 puntos por cada unha falta ortográfica, ata un máximo de 1 punto na cualificación numérica de cada unha delas.
- ✓ O alumnado que aprrobe todas as avaliacións obterá a súa nota da media aritmética das tres avaliacións (contando a nota numérica con decimais acadada en cada avaliación), e será condición necesaria telas aprobadas ou recuperadas todas. A cualificación final expresarase, como establece a normativa, con números enteiros, sen decimais, non obstante cando a media resultante leve decimais, se o primeiro decimal é igual ou maior a 5, a cualificación final redondearase ao número enteiro inmediatamente superior.
- ✓ O alumnado con algunha avaliación suspensa terá obrigatoriamente que realizar unha serie de actividades complementarias de recuperación. As actividades deberán presentarse correctamente no prazo de tempo esixido. De non ser así, o alumno/a non poderá aprobar a materia de Educación Física na convocatoria ordinaria. O alumnado que non acadara unha cualificación positiva nas actividades de recuperación das avaliacións suspensas, terá a cualificación de insuficiente na convocatoria ordinaria.

13. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE BÁSICOS.

Constitúen aqueles estándares de aprendizaxe que aseguran un mínimo de desenvolvemento competencial. Aínda que a partir deste curso son orientativos, no caso de non acadar o logro mínimo sinalado ao longo do curso, despois das distintas medidas adoptadas (actividades de reforzo, adaptacións metodolóxicas...) poderanse deseñar actividades de recuperación.

NIVEL 2º ESO			
CA	Estándares	Grao mínimo Indicador mínimo de logro	C.C.
EF-B1.1	2º-EFB1.1.2 - Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	Realiza de xeito básico e de maneira independente quecementos e volta a calma nas sesións	CSC CAA
EF-B1.1	2º-EFB1.1.3 - Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	Entende e realiza as instrucións do profesor.	CSC
EF-B2.1	2º-EFB2.1.2 - Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.	Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais	CCEC
EF-B3.1	2º-EFB3.1.1 - Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico- expresivas traballadas no ciclo.	Identifica a implicación das capacidades físicas e coordinativas nas distintas actividades.	CMCT
EF-B3.1	2º-EFB3.1.3 - Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	Coñece as adaptacións os distintos tipos de actividade.	CMCT
EF-B3.1	2º-EFB3.1.4 - Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	Identifica a frecuencia cardíaca como indicador de intensidade da actividade física.	CMCT
EF-B4.1	2º-EFB4.1.1 - Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	Aplica os elementos técnicos básicos no contexto regulamentario.	CAA CSIEE

EF- B4.1	2º-EFB4.1.4 - Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	Mostra mellora no seu nivel de execución con esforzo e superación.	CAA CSIEE
----------	--	--	--------------

CURSO: 4º ESO			
CA	Estándares	Grao mínimo Indicador mínimo de logro	C.C.
EF- B1.1	4º-EFB1.1.3 - Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.	Realiza algúns exercicios ou actividades sinxelos nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.	CSC
EF- B1.4	4º-EFB1.4.2 - Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.	Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.	CSIEE
EF- B1.4	4º-EFB1.4.3 - Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico- deportivas.	Describe os protocolos comúns que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de AFD	CSIEE
EF- B1.6	4º-EFB1.6.1 - Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	Procura e analiza, con sentido crítico, as ideas básicas contidas nas informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	CD CCL
EF- B2.1	4º-EFB2.1.1 - Elabora composicións de carácter artístico- expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.	Participa de xeito desinhibido en composicións de carácter artístico-expresivo.	CCEC

EF- B3.1	4º-EFB3.1.1 - Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	Identifica as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.	CMCT
EF- B3.1	4º-EFB3.1.3 - Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	Relaciona hábitos nocivos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	CMCT
EF- B3.2	4º-EFB3.2.3 - Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades.	Aplica nas sesións de clase os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades	CMCT
EF- B4.1	4º-EFB4.1.1 - Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características	Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características	CAA CSIEE
EF- B4.1	4º-EFB4.1.3 - Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	Adapta basicamente as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.	CAA CSIEE
EF- B4.3	4º-EFB4.3.2 - Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida	Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida, poñéndoas en práctica	CSC CMCT

14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN E A PRÁCTICA DOCENTE.

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente realízase a través da observación e reflexión que realiza o profesor, tendo en conta:

- ✓ As aprendizaxes conseguidas polos alumnos.
- ✓ A formación adecuada de grupos e as propostas de traballo colaborativo.
- ✓ Se o proceso de información e comunicación entre profesor e alumno facilita a aprendizaxe.
- ✓ Constatando se a estrutura da sesión, organización do espazo, material e distribución do tempo é correcta.
- ✓ Vendo se o número, duración e o nivel de dificultade das actividades son adecuados e resultan interesantes para o alumnado así como a súa significatividade para o proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ A atención á diversidade.
- ✓ O uso das TIC.

Os instrumentos para a recollida de datos, entre outros, serán os seguintes:

- ✓ Folla de seguimento da programación (comentarios).
- ✓ Opinións do alumnado: (cuestionarios, comentarios en gran grupo).
- ✓ Análise dos resultados do proceso de aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Contraste de experiencias para reflexionar sobre a práctica e melloralas.
- ✓ Rexistro para a autoavaliación do profesorado.

A avaliación debe ser un instrumento de mellora polo que os datos obtidos servirán para identificar áreas de mellora que permitan introducir cambios na programación didáctica para adaptala mellor ás necesidades dos nosos alumnos. Por iso esta avaliación levarase a cabo en distintos momentos do curso:

- ✓ Ao finalizar cada unidade didáctica, para identificar lagoas, aspectos que supuxeron unha especial dificultade para os alumnos, necesidades de implementar actividades de reforzo ou de ampliación...
- ✓ Ao remate de cada trimestre, momento especialmente interesante para analizar os resultados do alumnado.
- ✓ Ao finalizar o curso, como ferramenta de mellora para o curso seguinte.

15. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Considerando que as aprendizaxes motrices, actitudinais e conceptuais vinculadas á Educación Física teñen un **carácter progresivo, a cualificación positiva no curso presente implicará a superación da materia pendente.** Os criterios de avaliación para o alumnado pendente son os mesmos que para o alumnado que está a cursar a área no curso no que se atopa actualmente.

Por todo o dito anteriormente, o departamento de Educación Física considera que un alumno ou alumna que teña a materia de Educación Física pendente do curso anterior superará dita materia se supera a mesma no curso no que está matriculado, aplicando os mesmos criterios de avaliación e promoción que aparecen na programación. Realizaranse probas extraordinarias para o alumnado que, nas datas de realización destas en todo o centro (mes de maio), non teña aprobada a materia nas dúas primeiras avaliacións no curso no que se atopa.

16. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As adaptacións que se poden realizar para atender á diversidade comprenden a adecuación dos obxectivos educativos, a selección de contidos, a elección de estratexias metodolóxicas, a flexibilización de criterios e instrumentos de avaliación e a diversificación das actividades educativas.

O obxectivo fundamental destas medidas é adaptar os procesos de ensino ás características xerais e particulares do alumnado ao que se dirixe a aprendizaxe (motivacións, intereses, dificultades), o que constitúe unha individualización do ensino.

As **medidas ordinarias** que de xeito xeral se adoptarán para atender á diversidade son:

- ✓ Coordinar a actuación docente co equipo docente, e en especial, co Departamento de Orientación.
- ✓ Establecer niveis de gradación nas actividades ou tarefas.
- ✓ Flexibilizar os instrumentos de avaliación.
- ✓ Respetar os niveis iniciais do grupo e os distintos ritmos de aprendizaxe.

Para o alumnado desmotivado:

- ✓ Identificar os seus intereses e afeccións para relacionalos cos contidos.
- ✓ Propórilles metas sinxelas e accesibles, reforzando calquera progreso.
- ✓ Realizar agrupamentos por afinidade.
- ✓ Atribuírlles responsabilidades.
- ✓ Reforzar a súa autoestima.

Para o alumnado con problemas de conduta:

- ✓ Reforzar as actitudes positivas.
- ✓ Realizar agrupamentos funcionais.
- ✓ Atribuírlles responsabilidades.

Para o alumnado cun nivel alto de capacidades na materia:

- ✓ Tutorización de compañeiros/as.
- ✓ Colaboración nas tarefas e nas actividades de grupo.
- ✓ Actividades de ampliación.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe:

- ✓ Medidas ordinarias enunciadas con anterioridade.
- ✓ Traballo en grupos heteroxéneos
- ✓ Actividades de reforzo.
- ✓ Reforzar a súa autoestima.

Para o alumnado exento parcialmente da realización das tarefas propias da materia, os cales deben presentar a prescrición médica ou documentación pertinente, determínanse as seguintes medidas:

- ✓ Propiciar a súa participación nas tarefas que poida desenvolver e a súa colaboración no resto de actividades.
- ✓ Propor actividades que desenvolvan as súas capacidades nos diferentes ámbitos, as cales serán avaliadas: facer un traballo teórico, tomar nota dos contidos que se expoñan na clase ou facer unha ficha diaria das actividades que se realizan e que posteriormente terán que entregar ao profesorado. Ademais, deben colaborar coa clase nos momentos que se precisen axudas para a utilización do material, arbitrase, anotacións, monitorización, etc. Ademais, deberán realizar os exames teóricos comúns para todo o curso. Se a exención é parcial ou temporal avaliarase a parte práctica que poidan realizar.

Para o alumnado que presenta condicións especiais:

- ✓ Seguir as medidas de atención recollidas na Programación Xeral Anual.
- ✓ Atender ás recomendacións establecidas na súa correspondente adaptación curricular.

Se durante o curso se detectase que algún alumno/a presenta necesidades específicas de apoio educativo será imprescindible a coordinación co Departamento de Orientación, o profesorado de Pedagogía Terapéutica, o Equipo Educativo, o titor/a e a familia, co fin de establecer liñas de actuación e responder así ás súas necesidades, sexan estas temporais ou permanentes.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades extraescolares na área de Educación Física son importantes por dous motivos diferentes:

- 1) En primeiro lugar algúns contidos, especialmente os relacionados co medio natural, require completar as actividades realizadas no centro.
- 2) E en segundo lugar, porque os períodos de tempo da nosa materia son reducidos e coas actividades extraescolares conseguimos ampliar o tempo dedicado a actividade física. Non podemos esquecer que un dos obxectivos da área é o de dotar aos alumnos/as de hábitos para a práctica de actividade física e deporte de forma saudable, ao cal contribúen amplamente as actividades fóra do horario lectivo.

Tendo en conta ademais o establecido na *Lei 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei*

2/2006, do 3 de maio, de Educación, e o calendario de aplicación, definido na súa disposición transitoria segunda, para o presente curso terase en conta os seguintes aspectos reflectidos na nova lei:

➤ **Disposición adicional cuadraxésimo sexta. Promoción da actividade física e a alimentación saudable.**

*As administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a alimentación saudable formen parte do comportamento infantil e xuvenil. Co obxectivo de fomentar e consolidar hábitos de vida saudables, as ditas administracións promoverán a **práctica diaria de deporte e exercicio físico** por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida sa e autónoma, para promover hábitos saudables de alimentación e a mobilidade activa e reducir o sedentarismo. **Os centros impulsarán o desenvolvemento de actividades docentes en espazos abertos e contornos naturais.** O deseño, coordinación e supervisión das medidas que, para estes efectos, se adopten serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.*

No curso pasado, a realización de actividades extraescolares e complementarias estivo moi limitada pola situación sanitaria do Covid-19. O presente curso intentaremos levar a cabo á organización e participación en aquelas actividades que permitan un control das medidas de hixiene e seguridade, axustándose ao recollido no protocolo COVID do centro e as instrucións da administración educativa.

As actividades propostas para este curso son as seguintes:

- Roteiros de sendeirismo pola contorna próxima.
- Participación nas actividades de deporte escolar, XOGADE, que oferte a Secretaría xeral para o deporte a través das agrupacións deportivas escolares ou federacións deportivas galegas.
- Actividade de plogging pola contorna próxima.
- Actividade “Iniciación á escalada” nun rocódromo especializado como podería ser Indoor Wall.
- Charlas de diferentes temas relacionados co deporte, a actividade física e a saúde.
- Excursión á neve dunha semana. Programada para o remate do segundo trimestre para alumnado de 1º de bacharelato.
- Posibilidade de contactar con empresas especializadas en actividades deportivas para a realización de xornadas activas, preferentemente no medio natural, en función dos intereses do alumnado.

18. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA. PLAN LECTOR. PROXECTO LINGÜÍSTICO.

Dende o departamento de Educación Física a actividade lectora non é moi habitual durante o desenvolvemento das sesións, posto que somos unha materia eminentemente práctica e procedimental, se ben consideramos que podemos axudar dunha maneira positiva á consecución dun plan lector no centro, propoñendo as seguintes actividades para levalo a cabo:

- Realización de traballos escritos nos que teñan que consultar e ler libros da nosa biblioteca (contamos con material bibliográfico adecuado) ou facer buscas en internet.
- Propostas de traballos de busca de información actual tanto en medios físicos coma virtuais.

- Lectura en voz alta na clase ou ximnasio dalgún fragmento dos apuntes á hora de impartir contidos teóricos.
- Lectura en voz alta dalgún dos traballos escritos propostos.
- Traballos coa prensa escrita nos que se analizará o diferente enfoque que os medios dan a unha mesma noticia. Preténdese fomentar unha actitude crítica sobre a información recibida.
- Recomendación de lecturas de temática deportiva.
- Informarase sobre os libros existentes na biblioteca do centro relacionados coa Educación Física, así como de outros libros de interese recentemente publicados.

Dende este departamento fomentaremos entre o alumnado, na medida das nosas posibilidades, o gusto pola lectura como fonte de información, entretemento e enriquecemento persoal, desenvolvendo adecuadas prácticas lectoras e de manexo crítico dos diversos temas e mensaxes que recibamos ou queiramos transmitir.

19. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.

Dentro da área de Educación Física, tentaremos contribuír ao desenvolvemento e fomento das TIC a través das seguintes actividades de clase:

- Presentación de traballos feitos a ordenador, cunha presentación adecuada, seguindo unhas pautas predeterminadas coma: encabezados, títulos, pe de páxina, tipo de letra, táboas,... Traballaremos sobre todo con procesadores de texto, follas de cálculo e bases de datos, tanto de software libre coma privativo.
- Realización de traballos en grupo nos que usemos gravacións auditivas e visuais, empregando a cámara de vídeo (coreografías de actividades rítmicas, malabares, etc...)
- Realización de enquisas, cuestionarios, test... a través da aula virtual ou de ferramentas como google forms, kahoot...
- Realización de traballos orientados coma webquest ou busca do tesouro para que fagan buscas de información na rede e análise e procesamento da información.
- Consulta de páxinas web de contidos tratados nas clases de Educación Física.
- Utilización da Aula Virtual para a proposta de actividades, traballos obrigatorios ou voluntarios e como fonte de información teórica para os exames.

20. PLAN DE CONVIVENCIA.

Como contribución ao plan de convivencia, dende o departamento de Educación Física débense facer explícitas actuacións promotoras de valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo, de cultura de paz. Terase que sensibilizar ao alumnado no seu papel activo e implicación no recoñecemento, evitación e control dos conflitos de convivencia no centro. Para iso, terase que traballar cos/as alumnos/as aspectos que lles permitan:

- Desenvolver habilidades interpersoais.
- Favorecer a comunicación e a toma de decisión por consenso.
- Asumir e practicar o respecto polos demais, respecto polo mobiliario e polos bens comúns,

tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre mulleres e homes.

O mantemento da tranquilidade, a orde, a limpeza en clase e o control de asistencia e puntualidade do alumnado tamén se desenvolven moitos dos obxectivos que se indican no Plan de Convivencia do centro. Ademais, dentro do Plan de Convivencia colaboraremos na posta en práctica de medidas de atención á diversidade, que xa foron indicadas nesta programación.

21. INFORMACIÓN AO ALUMNADO.

Segundo a *Orde do 21 de decembro de 2007 que regula a avaliación na ESO en Galicia*, no Artigo 8º:

Información da avaliación

1. Ao comezo de cada curso, os departamentos didácticos, informarán a cada grupo de alumnos/as, dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación exigibles para obter unha valoración positiva das distintas materias, así como dos criterios de cualificación, os instrumentos de avaliación da aprendizaxe que se utilizarán, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, así como das medidas de reforzo e recuperación previstas. Así mesmo, a persoa titora de cada grupo informará ao seu alumnado dos requisitos que determinarán a promoción ao curso seguinte e, no caso do cuarto curso, a titulación.

Para que todo o alumnado estea informado correctamente, levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Ao principio de curso, na sesión de presentación, informamos das normas, das Unidades Didácticas que se van a realizar, tanto dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, como dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Expoñemos, no taboleiro do pavillón polideportivo, os puntos máis importantes da programación para que o alumnado poda consultalo en calquera momento.
- Expoñeremos a programación na páxina web do centro.
- Exporemos un resumo da programación na aula virtual do centro

Esta programación foi realizada polos membros do Departamento de Educación Física,

En Santiago de Compostela a 10 de setembro de 2022.

Calo Manuel Guede Franco

María Yolanda Ferreiro Domínguez

Francisco Javier González García

ANEXO I

VALORACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.				
Consegiuse motivar a todo o alumnado.				
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado na aula.				
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				
Coa actitude docente e medidas contribuíuse ao desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro				

Avaliación da programación didáctica

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.				
3. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia.				
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
5. Adecuación da metodoloxía empregada.				
6. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.				
7. Adecuación das medidas de atención á diversidade.				
8. Asociación dos estándares cos elementos transversais.				
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación.				
10. Adecuación dos criterios establecidos para a cualificación.				
11. Adecuación dos criterios establecidos para a promoción.				
12. Adecuación do deseño da avaliación inicial.				
13. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
14. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación de materias pendentes.				
15. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.				
16. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
17. Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro.				
18. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
20. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				

Avaliación da metodoloxía

INDICADORES		SI	NON	OBSERVACIÓNS
1.Prevese unha metodoloxía activa e participativa do alumnado				
	Participa nunha selección de actividades:			
	-Expoñendo traballo ao grupo			
	-Realizando proxectos			
	-Realizando traballos en grupo			
	-Mediante actividades por descubrimento guiado			
	-Outras: propostas...			
2. A actuación do profesor ten un enfoque interdisciplinar				
3. Os diferentes tipos de actividades baséanse en aprendizaxes significativas e funcionais.				
4. A distribución da aula facilita o traballo autónomo.				
5. A distribución da aula modifícase en función das actividades.				
6. Prevese o uso doutros espazos				
	-Biblioteca			
	-Salas de informática			
	-Laboratorios			
	-Espazos fose do centro			
	-Outros:			
7.Recursos previstos				
	-Recursos propios da materia			
	-Materiais elaborados polo departamento			
	-Medios audiovisuais			
	-Medios informáticos			
	-Libro de texto			
	-Actividades extraescolares e complementarias			
	-Libros de consulta			
	-Libros de lectura			
8. Póñense en práctica técnicas de estudo: subliñado, esquema, mapas				
9. Favorécese a lectura e a comprensión lectora.				
10. Contéplase o seguimento individualizado do alumno a través de...				
	A gradación dos contidos de aprendizaxe			
	A distribución de forma flexible dos tempos das sesións			
	A utilización de actividades de reforzo			
	A utilización de actividades de ampliación			

Avaliación dos criterios de cualificación

INDICADORES	SI	NON	OBSERVACIÓNS
1. A programación recolle os criterios de avaliación de forma clara e sinxela			
2. O alumnado ten acceso aos criterios de avaliación/cualificación.			
3. As familias, teñen acceso aos criterios de avaliación/cualificación.			
4. Avaliáanse os coñecementos previos.			
5. Os referentes son os criterios de avaliación			
6. Os estándares de aprendizaxe son medibles e observables			
7. Avaliáanse as competencias.			
8. Valórase o traballo que desenvolve na casa.			
9. Valórase o traballo que desenvolve o alumno na aula.			
10. Avaliáse o proceso de aprendizaxe de maneira directa e a través dos cadernos (materiais)de traballo do alumnado.			
11. As probas contemplan diferentes niveis de dificultade			
12. Analízanse os resultados do grupo de alumnos.			
13. Establécense os procedementos de recuperación por avaliación.			
14. As sesións de avaliación son suficientes e eficaces.			
15. Avaliáse periodicamente a programación.			
16. Avaliáse a propia práctica docente.			
17. A avaliación é continua.			
18.Os resultados das avaliacións úsanse para adecuar a programación			
20. A programación contempla mecanismos propios de avaliación interna			